


CENTENARIO DE "O FIDALGO"

CARBALLO, 1 DE NADAL DE 2018

Xesús San Luís Romero

CARBALLO, 1972 - COMPOSTELA, 1966



POETA E DRAMATURGO



Xesús San Luís Romero naceu en Carballo o 9 de setembro de 1872, na rúa da Saúde, numerada daquela co 81. Os seus pais eran Francisco San Luís, e Eugenia Romero, naturais de Noia. O pai fora presidente do Comité Republicano e síndico do concello de Carballo na I República (1873).

Xesús San Luís Romero era o menor de 6 irmáns. A Ramón, agrarista, dedicaralle a súa obra "O Fidalgo" (1918). Este irmán evolucionará a posturas máis tradicionalistas posteriormente, sendo alcalde de Carballo no Bienio Conservador (1933-1935).


Vai a escola dos 8 aos 12 anos con Ramón Pérez Villamil e acude en moitas ocasións á boa biblioteca que había no Pazo de Vilar de Francos (Artes). Axiña púxose a traballar como aprendiz de zapateiro na industria dos pais. Aos vinte anos, decembro de 1891, despois de morrer súa nai, emigrou á Arxentina, onde casará o 8 de setembro de 1900 con Manuela Iglesias Sampaio (Noceda, Lalín), con quen terá 5 fillos. Dous deles morrerán moi novos. O primeiro, Eugenio, nace na emigración. En Arxentina escribirá moito e ben. En 1902 volveu a Galiza, establecéndose en 1908 como industrial zapateiro en Santiago de Compostela. Seu pai morre en Carballo en 1905 con 73 anos. Retomou a escrita e colaborou en varios xornais (como La Defensa, El látigo ou La Campana) con composicións anticaciquís, cun espírito de loita agraria na liña de Solidaridad Gallega e outras organizacións agraristas. En 1910 faise socio do Centro Republicano, do que será directivo; pertence á masonería e forma parte do famoso Pacto de Lestrove (16 de marzo 1930), do que xurde a Federación Republicana Galega (FRG). Nas eleccións de 1931 foi elixido concelleiro e será tamén tenente de alcalde. Coa guerra e o franquismo padecerá cárcere e multas.

Ao quedar viúvo, en 1946, pasa longas temporadas en Turces (Touro), onde a súa filla Dores era mestra. Morre en Compostela o 22 de setembro de 1966.

Entre a abundante obra de Xesús San Luís Romero salientamos

POESÍA

- . "A volta do bergantiñán", Editorial Nós, 1928
- . "Versos escritos en Buenos Aires e outros poemas" (Libros da Frouma, edición de Alfonso Rey, 1999)



TEATRO

- . "O fidalgo", 1918. (Reeditado en 1986 en Edicións do Castro)
- . "Rosiña", 1921
- . "Xenreira", 1951
- . "Unha fiada no sarela (Unha noite no muíño)", Revista musical, 1959

(Xan Fraga, "Crónicas de Carballo II", A. C. Lumieira, 2004)